



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación definitiva do suplemento de crédito 1/2023

EDICTO

Aprobación definitiva do suplemento de crédito 1/2023

O Pleno Municipal do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 25/05/2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito 01/2023 para o financiamento a través de préstamo da achega municipal para a obra de rehabilitación do Pazo de Martelo e os seus gastos técnicos complementarios.

De acordo cos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL), o antedito acordo publicouse no BOP núm. 105, do 05/06/2023.

Non obstante, a disposición adicional sétima do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, modificada pola disposición final 31.8 do Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo introduce unhas disposicións específicas na xestión dos créditos orzamentarios das entidades locais, destinados a proxectos financiados con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Segundo este precepto, a aprobación inicial deste suplemento de crédito é inmediatamente executiva, sen prexuízo das reclamacións que se promovan contra ela. As reclamacións deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes aos da súa presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución dentro do dito prazo.

Durante o período de quince días hábiles de exposición pública non se presentou ningunha reclamación.

De acordo cos anteditos artigos, procédese á publicación do resumo por capítulos do orzamento, que inclúe o expediente de suplemento de crédito 1/2023, que queda co seguinte detalle:

Cap	Gastos			Ingresos		
	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Previsións iniciais	Modificacións	Previsións definitivas
1	3.164.885,48	410.868,80	3.575.754,28	2.753.872,10	0,00	2.753.872,10
2	3.813.725,11	134.562,08	3.948.287,19	65.804,05	000	65.804,05
3	18.000,00	0,00	18.000,00	1.470.013,51	0,00	1.470.013,51
4	265.029,01	-2.400,00	262.629,01	3.447.404,09	529.696,11	0,00
5	0,00	0,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00
6	141.797,25	2.589.071,15	2.730.868,40	0,00	0,00	0,00
7	0,00	0,00	0,00	0,00	1.299.141,35	1.299.141,35
8	10.000,00	0,00	10.000,00	10.000,00	119.282,14	129.282,14
9	163.943,04	53.505,39	217.448,43	0,00	1.183.982,43	1.183.982,43
Total	7.577.379,89	3.185.607,42	10.762.987,31	7.748.093,75	3.132.102,03	10.880.195,78

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime oportuno en defensa do seu interese.

Rianxo, xoves 13 de xullo de 2023

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

2023/5801